



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-administracion-direccion-empresas-0>



Grao en Administración e Dirección de Empresas



www.usc.gal



Administración e Dirección de Empresas

O Grao en Administración e Dirección de Empresas ten por obxectivo a formación de profesionais que sexan capaces de desempeñar labores de xestión e asesoramento en organizacións públicas e privadas. Estes labores pódense desenvolver no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Administración e Dirección de Empresas
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002
Lugo
ade.decanato@usc.es

Campus Lugo

+info <https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-administracion-direccion-empresas-0>

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 70

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos de formación básica, obrigatorios e optativos.

Mobilidade e prácticas

Son numerosos as universidades tanto nacionais como estranxeiras nas que os alumnos do Grao en Administración e Dirección de Empresas poden realizar parte dos seus estudos a través dos programas de mobilidade. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona estes programas, tanto os de carácter nacional (SICUE), como os europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). O “Regulamento de intercambios interuniversitarios” é a normativa que articula o seu desenvolvemento.

As Prácticas externas en empresas e institucións teñen unha duración de 225 horas e son recoñecibles por un máximo de 9 créditos optativos. Son numerosos os convenios asinados con empresas e institucións para o desenvolvemento destas prácticas; estes convenios permiten ofertar un elevado número de prazas que facilitan aos estudantes seleccionados a súa posterior integración no ámbito laboral.

Saídas profesionais

Os graduados/as en Administración e Dirección de Empresas poderán desempeñar postos de responsabilidade xestionando e dirixindo os departamentos de: finanzas, márketing, contabilidade, recursos humanos, comercio internacional, entre outros.

Poderán traballar como consultores empresariais, auditores de contas, asesores fiscais e contables, analistas de inversión...Encargándose de analizar a información co obxectivo de propor solucións á empresa para que sexa máis competitiva.

Tamén poderán optar polo emprendemento, poñendo en marcha novas iniciativas empresariais.

Ademais, no ámbito público poderán acceder a postos como: Inspectores ou subinspectores de facenda, Inspectores de traballo, Postos técnicos da administración, entre outros. Ademais, poderán acceder a postos docentes como: profesor na universidade, profesor de ensinanzas medias ou formación profesional.

